



RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2023 pola que se aproban as listaxes provisionais de admitidos e excluídos á convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocado pola Resolución do 23 de decembro de 2022.

O Consello Reitor do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) na súa xuntanza do 22 de decembro de 2022, acordou aprobar as bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías/grupos II (técnico/a grado medio) e IV (auxiliar administrativo/a), da entidade instrumental ACSUG. No mesmo acordo, o Consello Reitor outorgou ao director de ACSUG a competencia para ditar todas as resolucións necesarias para desenvolver dito proceso selectivo.

O 29 de decembro de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a Resolución do 23 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías/grupos da entidade instrumental ACSUG, que figuran convocadas na oferta pública de emprego extraordinaria recollida no Decreto 79/2022, do 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública (Xunta de Galicia).

O apartado primeiro do punto 5 da base I da citada convocatoria establece que, unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, o director de ACSUG aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, a través dunha resolución que será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, e das causas de exclusión que, de ser o caso, procedan.

De conformidade co exposto, **RESOLVO:**



Primeiro. Apróbase a listaxe provisional dos aspirantes á praza correspondente ao grupo II, categoría 007 (Técnico/a Grado Medio).

DNI	NOME	SOLICITUDE	CELGA 4
***5982**	Cabezas Vilas, María Jesús	Admitida	Si
***3089**	Canosa Rey, Jesús	Admitida	Si
***9841**	Hermida Bejarano, Isidro	Admitida	Si
***3406**	Iglesias Domínguez, Francisco Javier	Excluida (1)	Si
***2187**	Mallo Rey, Marta	Admitida	Si
***6110**	Vázquez Frojan, Luisa María	Admitida	Si

(1) Non se xustifica o título de grao, diplomatura universitaria ou titulación equivalente que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

Segundo. Apróbase a listaxe provisional dos aspirantes ás prazas correspondentes ao grupo IV, categoría 001 (Auxiliar Administrativo).

DNI	NOME	SOLICITUDE	CELGA 3
***2419**	Couceiro Novais, María Virtudes	Admitida	Si
***9671**	Domínguez Martínez, Santiago	Admitida	Si
***9841**	Hermida Bejarano, Isidro	Admitida	Si
***3406**	Iglesias Domínguez, Francisco Javier	Admitida	Si
***6554**	Lameiro Ces, Antonio Manuel	Admitida	Non
***2864**	Lesta Chapela, Edurne	Admitida	Si
***0160**	Souto Fidalgo, María Belén	Admitida	Si
***9940**	Vieito Díaz, Luz María	Admitida	Si
***9158**	Viñas Mayo, Rubén	Admitida	Si



Terceiro. Acreditación Celga

As persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do título Celga, ou título equivalente homologado, esixido no grupo e categoría correspondente, deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos establecidos na base II da convocatoria.

Non obstante, e de conformidade co indicado na citada base II, estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación no DOG desta resolución, que posuían, antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o título Celga requirido (de acordo ao establecido no punto I.3.4 da convocatoria) ou equivalente, debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Cuarto. Período de alegacións

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación desta resolución no DOG, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión da solicitude ou, no seu caso, para acreditar estar en posesión do título Celga, ou título equivalente homologado, esixido no grupo e categoría correspondente.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2023

José Eduardo López Pereira

Director do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

